

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E PROVIDENCIA DE INICIO.


PROCEDEMENTO ABERTO ORDINARIO.

LICITACIÓN POR LOTES DOS SERVIZOS DE DESEÑO, MAQUETACIÓN IMPRESIÓN E ENCADERNACIÓN DE 9 PUBLICACIÓNS DO SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Índice

1. Obxecto do contrato.....	2
2. Xustificación da necesidade e declaración de carencia de medios propios.....	2
3. Clasificación CPV.....	4
4. Duración do contrato.....	4
5. División en lotes e custe total.....	5
1. Criterio e motivación.....	5
2. Lotes	6
3. Descrición dos lotes.....	7
4. Custe total.....	16
6. Orzamento de licitación. Estimación de custes por lotes.....	18
7. Garantía de devolución e forma de pago.....	20
8. Responsable do contrato.....	15
9. Vogais da mesa de contratación.....	20
10. Anexo I. Criterios para valoración de ofertas.....	21

	IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Fecha y Hora	22/05/2023 16:47:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Firmado por	XOSÉ BRAIS GARCÍA FERNÁNDEZ (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Página	1/26



1. Obxecto do contrato.

Esta licitación ten por obxecto a contratación da prestación por lotes dos servizos de deseño, maquetación, impresión e encadernación de 9 publicacións editadas polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo para o exercicio 2023, de acordo ao establecido nos artigos 131 e ss. da Lei 09/2017 de Contratos do Sector Público.

2. Xustificación da necesidade e declaración de carencia de medios.

O sector editorial é un sector económico que se fundamenta na realización de 4 traballos diferenciados: Deseño, maquetación, impresión e encadernación. Este sector económico organízase por especialización en varias ou unha destas actividades concretas.

Os negocios de artes gráficas tales como imprentas centran as súas actividades económicas na impresión mediante diferentes técnicas industriais en papel ou outros soportes físicos dun arquivo orixinal subministrado a modo de proxecto técnico por un profesional externo ou cliente. As imprentas asumen en algúns casos os traballos de encadernación e pequenas actividades relacionadas co deseño gráfico que adaptan traballos moi sinxelos ás necesidades da maquinaria concreta de imprenta da que dispoña cada empresa (Impresión offset ou dixital nas súas diferentes posibilidades de cor e outros parámetros técnicos como as medidas de maquinaria de imprenta dispoñible -45x64; 52,70x70 ou 70x100-). A encadernación é realizada polas propias imprentas nos traballos básicos ou subcontratada por estas e baixo a súa supervisión a empresas especializadas na maior parte dos casos e organizadas en torno ás titulacións de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño na especialidade de encadernación artística ou industrial. Se ben isto defínese en función das toneladas de papel que as imprentas deben pasar da fase de impresión a de encadernación e os custes derivados da mesma. A impresión e encadernación son dúas subfases de execución material de un proxecto técnico proporcionado que é a maqueta de imprenta, realizada no proceso de deseño e maquetación por profesionais de diferente titulación e organizados nun diferente tecido empresarial organizado principalmente en despachos profesionais de titulados superiores en deseño gráfico (con equivalencia oficial a un grao universitario).

Esta descrición técnica e legal dos traballos dos que se compón a actividade editorial fundamentan o feito de que a Deputación de Lugo carece dos medios propios para a realización por si mesma dos traballos descritos (deseño maquetación e impresión, encadernación) para aquelas publicacións aprobadas como edición propia do Servizo de Publicacións. O Servizo si ten o criterio e capacidade de dirixir e contratar ditas actividades pero é feito probado e obxectivo que a entidade provincial non ten os medios necesarios e suficientes para levar a cabo ditos traballos baixo a dirección e indicacións do persoal do Servizo de Publicacións.

Á vista do disposto no artigos 28 e 116.1 da LCSP establécese unha relación clara, directa e proporcional entre a contratación das prestacións definidas e o obxecto do contrato, dada a inexistencia de Imprenta Provincial coa que prestar os servizos de impresión e encadernación. O Servizo de Publicacións e a Área de Cultura carecen tamén dun posto que atenda debidamente ás necesidades de especialización precisa para a realización das tarefas de deseño e maquetación editorial. Isto impide que poidan ser realizados ditos traballos de deseño e maquetación mediante medios propios.

Para os efectos legais do cumprimento efectivo desta licitación, compre indicar que o Servizo de Publicacións ten entre os seus obxectivos a promoción da cultura, da música, da literatura e a lingua galegas, é por iso que promove e participa en iniciativas de carácter cultural que pola súa propia natureza aportan valor á Provincia de Lugo, o que constitúe un elemento dinamizador cultural e económico da provincia con repercusións noutros territorios. Para o logro de ditos obxectivos un dos instrumentos fundamentais de divulgación son as publicacións editadas desde este Servizo con diferentes contidos relacionados coa Provincia de Lugo, os seus habitantes, as súas tradicións e costumes e as súas expresións culturais e artísticas de moi diferente signo e disciplina.

	IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Fecha y Hora	22/05/2023 16:47:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Firmado por	XOSÉ BRAIS GARCÍA FERNÁNDEZ (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Página	2/26



Para o exercicio económico 2023 e 2024, a prestación dos diferentes servizos que veñen sinalados nos lotes nos que se compón este contrato, obedecen ao cumprimento destes obxectivos que por lei ten esta área, singularmente a promoción do patrimonio cultural inmaterial, o estudo e documentación do patrimonio etnográfico da provincia e a súa difusión tanto entre a poboación da provincia como para fóra dela, así como o apoio aos investigadores e artistas da provincia de Lugo.

O antes descrito ten fundamentación nos preceptos legais recollidos de xeito xenérico no art. 36.1.d da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e, no que se refire á actividade cultural; na Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia, que dispón no seu artigo 1.1 *“esta lei ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de forma que lle sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras”* e no 1.2 *“O patrimonio cultural de Galicia está constituído (...) ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.”*

A Deputación de Lugo, mediante a edición propia de distintas publicacións como aquelas previstas neste contrato, atende a obriga institucional de documentar elementos inmateriais recollidos nesta mesma lei, que tal e como dispón no seu artigo 9.3:

“(...) 3. Considéranse bens do patrimonio cultural inmaterial para os efectos desta lei:

a) Os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e nalgúns casos os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural, e en particular:

1º. A lingua, como vehículo do patrimonio cultural inmaterial, regulada pola súa normativa específica.

2º. As tradicións e expresións orais.

3º. A toponimia.

4º. As artes do espectáculo, en especial a danza e a música, representacións, xogos e deportes.

5º. Os usos sociais, rituais, cerimoniais e actos festivos.

6º. Os coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo.

7º. As técnicas artesanais tradicionais, actividades produtivas e procesos.

b) O legado das figuras históricas senlleiras na configuración da identidade cultural de Galicia, independentemente dos dereitos de propiedade intelectual. Os efectos da declaración estenderanse ás súas creacións cando a autoría quede debidamente acreditada.”

Do mesmo xeito que mediante estas publicacións de edición propia documéntanse elementos materiais imprescindibles da e para a provincia de Lugo, definidos de acordo aos diferentes apartados do artigo 10.1 da mesma Lei 5/2016:

“(...) Artigo 10. Categorías de bens inmoebles declarados de interese cultural ou catalogados.

1. Os bens inmoebles declarados de interese cultural ou catalogados integraranse nalgunha das seguintes categorías:

a) Monumento: a obra ou construción que constitúe unha unidade singular recoñecible de relevante interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico.

b) Xardín histórico: o espazo delimitado produto da ordenación planificada de elementos naturais e artificiais de relevante interese artístico, histórico, arquitectónico, antropolóxico ou científico e técnico.

c) Sitio histórico: o lugar vinculado a episodios relevantes do pasado, a tradicións populares ou a creacións culturais singulares de interese histórico, paleontolóxico, sempre que estea relacionado coa historia humana, etnolóxico, antropolóxico ou científico e técnico.

d) Xacemento ou zona arqueolóxica: o lugar no que existen evidencias de bens móbiles ou inmoebles susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica, de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, sempre que estea relacionado coa historia humana, ou antropolóxico.

e) Vías culturais: a vía ou camiño de características orixinais recoñecibles que forma parte ou que o formou no pasado da estrutura tradicional do territorio, cun relevante interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropolóxico.

	IV704PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Fecha y Hora	22/05/2023 16:47:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Firmado por	XOSÉ BRAIS GARCÍA FERNÁNDEZ (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV704PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Página	3/26



f) *Lugar de valor etnolóxico: o ámbito no que permanecen testemuños relevantes e recoñecibles de actividades ou construcións vinculadas ás formas de vida e cultura tradicional do pobo galego que resulten de interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropolóxico.*

g) *Conxunto histórico: a agrupación de bens que conforman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, cunha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade que resulta un testemuño cultural significativo por interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico, aínda que individualmente os elementos que a conforman non teñan unha especial relevancia.*

h) *Paisaxe cultural: o lugar identificable por un conxunto de cualidades culturais materiais e inmateriais singulares, obras combinadas da natureza e o ser humano, que é o resultado do proceso da interacción e interpretación que unha comunidade fai do medio natural que o sustenta e que constitúe o soporte material da súa identidade.*

i) *Territorio histórico: o ámbito no que a ocupación e as actividades das comunidades ao longo da súa evolución histórica caracterizan un ámbito xeográfico relevante polo seu interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial ou científico e técnico.(...)”.*

Igualmente, esta labor do Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo vai en cumprimento da Ordenanza de uso da lingua galega da Deputación provincial de Lugo, aprobada e publicada no BOP nº 212 do 14 de Setembro de 2016 no seu artigo 20.1 que di: “De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/193 de normalización lingüística, a Deputación provincial de Lugo fomentará o uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e de calquera outra dentro do ámbito provincial” e 20.3 “Todos os órganos da Deputación provincial de Lugo impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación (...)”

Polo tanto, a necesidade administrativa a satisfacer con esta contratación, atoparíase incluída dentro dos obxectivos da Deputación de Lugo, para promover e participar en iniciativas de carácter cultural que reporten valor á provincia de Lugo, tanto para a veciñanza, para os/as investigadores e etnógrafos/as, como para o conxunto da sociedade, xa que documenta espazos, construcións, lugares, actividades, usos, costumes e tradicións propias da provincia cuxa documentación e coñecemento debe ser divulgada entre a cidadanía e servirá tamén de xeito transversal como instrumento de sensibilización entre as veciñas e veciños do propio potencial cultural como ferramenta de dinamización económica dos 67 concellos que compoñen a provincia de Lugo.

3. Clasificación CPV.

Os códigos CPV correspondentes a este tipo de contrato son:

79800000-2 - Servizos de impresión e servizos conexas.

79822500 - Servizos de deseño gráfico

4. Duración do contrato.

Prazo de duración:

18 meses que en todo caso finalizará o 31/12/2024, dada a tipoloxía dos traballos a realizar e a planificación que esixen. A duración da prestación contractual fórmulase desde o momento da formalización logo da sinatura de cada acta de aceptación de lote e inicio do contrato.

Prazo de execución e entrega de materiais:

Lotes 1, 2, e 3: Entrega de un arquivo en formato pdf X-3 ou equivalente en 60 días hábiles desde a recepción dos arquivos e documentos orixinais para cada título de cada lote de deseño e maquetación.

Lotes 4, 5 e 6: Entrega dos exemplares en 30 días hábiles desde a recepción do(s) arquivo(s) pdf x-3 ou equivalente listo para imprimir de cada título de cada lote de impresión e encadernación.

	IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Fecha y Hora	22/05/2023 16:47:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Firmado por	XOSÉ BRAIS GARCÍA FERNÁNDEZ (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Página	4/26



5. División en lotes.

5.1 Criterio e motivación:

O contrato presenta unha división en 6 lotes con un número diferente de traballos en cada un deles.

Estes lotes organízanse en base a dous criterios:

a. A natureza do traballo a realizar :

- a.1. Proxecto de deseño e maquetación.
- a.2. Execución material: impresión e encadernación.

b. Por formato base de publicación (criterio de colección editorial):

- b.1. Formato A. 250 mm x 220 mm. 1 publicación.
- b.2. Formato B. 165 mm x 240 mm. 4 publicacións deseño e maquetación. 5 publicacións impresión e encadernación.
- b.3. Formato C. 200 mm x 265 mm. 3 publicacións.

A división vai en consoancia coa especialización do mercado da edición garantindo unha mellor definición dos diferentes traballos. Isto vai en cumprimento do establecido pola LCSP no seu artigo 131.2 no que se refire á procura da mellor relación calidade/prezo e incide directamente no cumprimento dos principios xerais de eficacia e eficiencia da xestión pública por varios motivos:

- Axiliza a execución do contrato ao permitir o inicio dos traballos en paralelo de lotes da mesma natureza.
- Axiliza a fase de deseño e maquetación coa aplicación dun criterio de colección con 3 formatos xerais nos que se dispoñen todos os títulos a editar.
- Abarata os custes de produción na fase de deseño e maquetación ao ter un formato para todas as publicacións de cada lote.
- Axiliza a fase de imprenta, ao ter un único formato para todas as publicacións de cada da lote.
- Abarata os custes de produción das dúas fases, ao ter un formato definido para todas as publicacións de cada lote.
- Permite a resolución de dúbidas profesionais na fase de imprenta por parte dos licitadores dos lotes de deseño e maquetación correspondente.
- A diferenciación por formatos axuda valorar os traballos de impresión en función dos medios técnicos de cada imprenta.
- Faise unha mellor definición das prestacións requiridas para estimular unha maior participación por lote.
- A mellor definición de cada tipo de prestación mellora a calidade dos traballos.
- O criterio de colección en 3 formatos agrupa tipos de publicación e mellora a súa visibilidade.

	IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Fecha y Hora	22/05/2023 16:47:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Firmado por	XOSÉ BRAIS GARCÍA FERNÁNDEZ (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Página	5/26



5.2. Establécense os seguintes lotes:

- **Lote 1: Deseño e maquetación 1. Formato A. 250 mm x 220 mm.**
 - 1.1. 19 (+1) ESCAPADAS POLO CORGO. Guía visual do concello.

- **Lote 2: Deseño e maquetación 2. Formato B. 165 mm x 240 mm.**
 - 2.1. A escola de Náutica e Comercio de Ribadeo.
 - 2.2. Manuela Barreiro Pico. Ribadense destacada.
 - 2.3. O estudo da música a través da cultura popular galega.
 - 2.4. Xogos populares de Ancares.

- **Lote 3: Deseño e maquetación 3. Formato C. 200 mm x 265 mm.**
 - 3.1. Mudar en común. As transformacións da sociedade rural galega durante a ditadura Franquista e o tránsito á democracia.O caso da Mariña Lucense.
 - 3.2. Simboloxía do románico de Taboada.
 - 3.3. Á marxe da lei, a delincuencia común en Lugo durante o franquismo (1945-1966).

- **Lote 4: Impresión e encadernación 1. Formato A. 250 mm x 220 mm.**
 - 4.1. 19 (+1) ESCAPADAS POLO CORGO. Guía visual do concello.

- **Lote 5: Impresión e encadernación 2. Formato B. 165 mm x 240 mm.**
 - 5.1. A escola de Náutica e Comercio de Ribadeo.
 - 5.2. Manuela Barreiro Pico. Ribadense destacada.
 - 5.3. O estudo da música a través da cultura popular galega.
 - 5.4. Xogos populares de Ancares.
 - 5.5. Xogos tradicionais galegos para tempos de recollida. 2ª edición.

- **Lote 6: Impresión e encadernación 3. Formato C. 200 mm x 265 mm.**
 - 6.1. Mudar en común. As transformacións da sociedade rural galega durante a ditadura Franquista e o tránsito á democracia.O caso da Mariña Lucense.
 - 6.2. Simboloxía do románico de Taboada.
 - 6.3. Á marxe da lei, a delincuencia común en Lugo durante o franquismo (1945-1966).

	IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Fecha y Hora	22/05/2023 16:47:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Firmado por	XOSÉ BRAIS GARCÍA FERNÁNDEZ (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Página	6/26



5.3. Descrición do contido de cada Lote.

Lote 1. Deseño e maquetación 1. Formato A. 250 mm x 220 mm.

- **1.1. 19 (+1) ESCAPADAS POLO CORGO. Guía visual do concello.**

O prezo estipulado para cada traballo de cada lote e, polo tanto, o prezo de cada lote axústase aos prezos de mercado para traballos de idéntica calidade e esixencia técnica para o deseño e pauta de maquetación de acordo coas características técnicas descritas no correspondente Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

Características a desenvolver no proxecto de deseño e maquetación 1:

Formato:

Deseño e maquetación completa en formato 250 mm (ancho) x 220 mm (alto) de 368 páxinas + cuberta

Deseño, retoque, axuste de niveis e tratamento de imaxes:

76 fotografías
38 mapas
38 táboas

Interior:

Deseño e maquetación a cor 4/4, pensada para ser impresa en papel branco estucado mate de 150 grs.

Cuberta:

Deseño para tapa dura ao cromo con lombo recto pensada para papel de cor impreso a 1/0 (tinta metálica).
Deseño de sobrecuberta pensada para ser impresa a 4/0 sobre papel estucado mate de 150 g. + verniz mate a 1/c.
Selección de cor para as gardas pensadas para unha cartolina offset de cor en 150 grs.

Encadernación:

O deseño debe ter en conta que será encadernado en tapa dura ao cromo, papel de cor con lombo recto impreso a 1/0 (tinta metálica).
O deseño deberá facer a selección de cor para o punto de lectura e cabezadas da encadernación de acordo aos demais elementos do proxecto.

Tratamento de texto:

Tradución ao inglés do texto orixinal.

Orzamento lote 1:

Lote e título	Importe bruto	Ive 21%	TOTAL
Título 1.1	4.500,00 €	945,00 €	5.445,00 €
LOTE 1	4.500,00 €	945,00 €	5.445,00 €

Prezo bruto unitario lote 1: 12,2283 €/páx (368 páxinas)

	IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Fecha y Hora	22/05/2023 16:47:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Firmado por	XOSÉ BRAIS GARCÍA FERNÁNDEZ (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Página	7/26



Lote 2. Deseño e maquetación 2. Formato B. 165 mm x 240 mm. 4 títulos.

- **2.1. A escola de Náutica e Comercio de Ribadeo.**
- **2.2. Manuela Barreiro Pico. Ribadense destacada.**
- **2.3. O estudo da música a través da cultura popular galega.**
- **2.4. Xogos populares de Ancares.**

O prezo estipulado para cada traballo de cada lote e, polo tanto, o prezo de cada lote axústase aos prezos de mercado para traballos de idéntica calidade e esixencia técnica para o deseño e pauta de maquetación de acordo coas características técnicas descritas no correspondente Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

Características comúns a desenvolver no proxecto de deseño e maquetación 2:

Formato :

165 mm (ancho) x 240 mm (alto).

Interior:

Deseño e maquetación a cor 4/4, pensada para ser impresa en papel offset branco natural de 120 grs.

Cuberta:

Deseño pensado para ser impreso en 4/0 + verniz UV semimate a 1/c en papel gofrado branco mate (liña fina) de 300 grs e con lapelas de 100 mm.
Selección de cor para gardas con cartolina de cor en 120 grs.

Encadernación:

Terase en conta que a encadernación será rústica cosida con fío.

Características particulares para deseño e maquetación de cada título do lote 2.

Lote 2. Título 1. A escola de Náutica e Comercio de Ribadeo.

- **Páxinas do interior:**
224 páxinas
- **Deseño, retoque e tratamento de imaxes:**
25 táboas
30 fotografías
5 mapas

Lote 2. Título 2. Manuela Barreiro Pico. Ribadense destacada.

- **Páxinas do interior:**
96 páxinas
- **Deseño, retoque e tratamento de imaxes:**
65 fotografías

Lote 2. Título 3. O estudo da música a través da cultura popular galega.

- **Páxinas:**
224 páxinas
- **Deseño, retoque e tratamento de imaxes:**
40 gráficas
60 táboas
15 fotografías
325 compases musicais con anotacións

	IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Fecha y Hora	22/05/2023 16:47:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Firmado por	XOSÉ BRAIS GARCÍA FERNÁNDEZ (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Página	8/26



Lote 2. Título 4. Xogos populares de Ancares.

- **Páxinas:**
128 páxinas
- **Deseño e tratamento de imaxes:**
72 ilustracións:
65 para cada xogo 1 na contraportada a media páxina.
05 a toda páxina no interior representando as 5 categorías de xogos.
01 a toda páxina na portada.

Orzamento lote 2:

Lote e título	Importe bruto	Ive 21%	TOTAL
Título 2.1	3.000,00 €	630,00 €	3.630,00 €
Título 2.2	1.750,00 €	367,50 €	2.117,50 €
Título 2.3	3.000,00 €	630,00 €	3.630,00 €
Título 2.4	2.500,00 €	525,00 €	3.025,00 €
LOTE 2	10.250,00 €	2.152,50 €	12.402,50 €

Precio bruto unitario lote 2: 15,25 €/páx (672 páxinas)

	IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Fecha y Hora	22/05/2023 16:47:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Firmado por	XOSÉ BRAIS GARCÍA FERNÁNDEZ (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Página	9/26



Lote 3. Deseño e maquetación 3. Formato C. 200 mm x 265 mm. 3 títulos.

- **3.1. Mudar en común. As transformacións da sociedade rural galega durante a ditadura Franquista e o tránsito á democracia.O caso da Mariña Lucense.**
- **3.2. Simboloxía do románico de Taboada.**
- **3.3. Á marxe da lei, a delincuencia común en Lugo durante o franquismo (1945-1966).**

O prezo estipulado para cada traballo de cada lote e, polo tanto, o prezo de cada lote axústase aos prezos de mercado para traballos de idéntica calidade e esixencia técnica para o deseño e pauta de maquetación de acordo coas características técnicas descritas no correspondente Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

Características comúns a desenvolver no proxecto de deseño e maquetación 3:

Formato :

200 mm (ancho) x 265 mm (alto).

Interior:

Deseño e maquetación a cor 4/4, pensada para ser impresa en papel offset branco natural de 115-120 grs.

Cuberta:

Deseño pensado para ser impreso en 4/0 + Verniz UV semimate a 1/c en papel gofrado branco mate (liña fina) de 300 grs.
Lapelas de 125 mm.

Encadernación:

Terase en conta que a encadernación será rústica cosida con fío.

Características particulares para deseño e maquetación de cada título do lote 3.

Lote 3. Título 1 . Mudar en común. As transformacións da sociedade rural galega durante a ditadura Franquista e o tránsito á democracia.O caso da Mariña Lucense.

- **Páxinas do interior**
544 páxinas
1166 notas ao pé
- **Deseño, retoque e tratamento de imaxes:**
36 gráficas
26 táboas
3 fotografías
4 mapas

Lote 3. Título 2. Simboloxía do románico de Taboada.

- **Páxinas do interior:**
240 páxinas
- **Deseño, retoque e tratamento de imaxes :**
138 fotografías

Lote 3. Título 3. Á marxe da lei, a delincuencia común en Lugo durante o franquismo (1945-1966)

- **Páxinas do interior:**
416 páxinas
736 notas ao pé
- **Deseño, retoque e tratamento de imaxes:**
21 gráficas
21 táboas
31 fotografías

	IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Fecha y Hora	22/05/2023 16:47:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Firmado por	XOSÉ BRAIS GARCÍA FERNÁNDEZ (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Página	10/26




Orzamento lote 3:

Lote e título	Importe bruto	Ive 21%	TOTAL
Título 3.1	3.500,00 €	735,00 €	4.235,00 €
Título 3.2	3.000,00 €	630,00 €	3.630,00 €
Título 3.3	3.250,00 €	682,50 €	3.932,50 €
LOTE 3	9.750,00 €	2.047,50 €	11.797,50 €

Precio bruto unitario lote 3: 8,125 €/páx (1.200 páxinas)

	IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Fecha y Hora	22/05/2023 16:47:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Firmado por	XOSÉ BRAIS GARCÍA FERNÁNDEZ (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Página	11/26



Lote 4. Impresión e encadernación 1. Formato A. 250 mm x 220 mm.

- **4.1. 19 (+1) ESCAPADAS POLO CORGO. Guía visual do concello.**

O prezo estipulado para cada traballo de cada lote e, polo tanto, o prezo de cada lote axústase aos prezos de mercado para traballos de idéntica calidade e esixencia técnica para a impresión e a encadernación de acordo coas características técnicas descritas no correspondente Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

Características particulares para para impresión e encadernación:

Impresión OFFSET ou ou impresión CMYK LED-UV con prestacións equiparables a OFFSET a partir de arquivo profesional en formato pdf X-3 ou equivalente listo para impresión profesional.

Tiraxe:
700 exemplares

Formato :
250 mm (ancho) x 220 mm (alto).

Impresión. Interior:
Impresión en formato 250x220 mm de 368 páxinas a cor 4/4.
Papel branco estucado mate de 150 grs.

Impresión. Cuberta:
Tapa dura ao cromo con lombo recto, papel de cor impreso a 1/0 (tinta metálica).
Sobrecuberta impresa a 4/0 sobre papel estucado mate de 150 g. + verniz UV mate a 1/c.
Gardas, en cartolina de cor, 150 grs.

Encadernación:
Tapa dura ao cromo, papel de cor con lombo recto impreso a 1/0 (tinta metálica).
Rústica, cosida con fío. Punto de lectura e cabezadas.

Orzamento lote 4:

Lote e título	Importe bruto	Ive 21%	TOTAL
Título 4.1	12.250,00 €	490,00 €	12.740,00 €
LOTE 4	12.250,00 €	490,00 €	12.740,00 €

Precio bruto unitario lote 4: 17,50 €/exemplar (700 exemplares)

	IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Fecha y Hora	22/05/2023 16:47:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Firmado por	XOSÉ BRAIS GARCÍA FERNÁNDEZ (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Página	12/26



Lote 5. Impresión e encadernación 2. Formato B. 165 mm x 240 mm.5 títulos

- **5.1. A escola de Náutica e Comercio de Ribadeo.**
- **5.2. Manuela Barreiro Pico. Ribadense destacada.**
- **5.3. O estudo da música a través da cultura popular galega.**
- **5.4. Xogos populares de Ancares.**
- **5.5. Xogos tradicionais galegos para tempos de recollida 2ª edición.**

O prezo estipulado para cada traballo de cada lote e, polo tanto, o prezo de cada lote axústase aos prezos de mercado para traballos de idéntica calidade e esixencia técnica para a impresión e a encadernación de acordo coas características técnicas descritas no correspondente Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

Características comúns para impresión e encadernación dos 5 títulos do lote 5:

Impresión offset ou ou impresión CMYK LED-UV con prestacións equiparables a OFFSET a partir de arquivo profesional en formato pdf X-3 ou equivalente listo para impresión profesional.

Tiraxe:

500 exemplares dos 4 primeiros títulos.

1000 exemplares de Xogos tradicionais galegos para tempos de recollida 2ª edición

Formato :

165 mm (ancho) x 240 mm (alto).

Impresión. Interior:

Impresión en formato 165x240 mm a cor 4/4.

Papel offset branco natural de 120 grs para os tres primeiros títulos.

Impresión. Cuberta:

Impresión a 4/0 + verniz UV semimate a 1/c.

Papel gofrado branco mate (liña fina) de 300 grs.

Lapelas de 100 mm.

Encadernación:

Rústica cosida con fío. Lapelas de 100 mm. Falsas gardas con cartolina de cor en 120 grs.

Características particulares para impresión e encadernación dos 5 títulos do lote 5.

Lote 5. Título 1. A escola de Náutica e Comercio de Ribadeo.

- **Tiraxe:**
500 exemplares
- **Páxinas do interior:**
224 páxinas
- **Imaxes:**
25 táboas
30 fotografías
5 mapas

Lote 5. Título 2. Manuela Barreiro Pico. Ribadense destacada.

- **Tiraxe**
500 exemplares
- **Páxinas do interior:**
96 páxinas
- **Imaxes:**
65 fotografías

	IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Fecha y Hora	22/05/2023 16:47:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Firmado por	XOSÉ BRAIS GARCÍA FERNÁNDEZ (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U	Página	13/26



Lote 5. Título 3. O estudo da música a través da cultura popular galega.

- **Tiraxe:**
500 exemplares
- **Páxinas:**
224 páxinas
- **Imaxes:**
40 gráficas
60 táboas
15 fotografías
325 compases musicais con anotacións

Lote 5. Título 4. Xogos populares de Ancares.

- **Tiraxe:**
500 exemplares
- **Cuberta:**
Cartolina gráfica de 280 grs impresa a 4/0 + verniz UV mate a 1/c
Lapelas de 100 mm
- **Páxinas:**
128 páxinas en papel offset branco natural de 140 grs
- **Imaxes:**
72 ilustracións:
65 para cada xogo
01 na contraportada a media páxina.
05 a toda páxina no interior representando as 5 categorías de xogos.
01 a toda páxina na portada.

Lote 5. Título 5. Xogos tradicionais galegos para tempos de recollida 2ª edición.

- **Tiraxe:**
1000 exemplares
- **Cuberta:**
Cartolina gráfica de 280 grs impresa a 4/0 + verniz mate a 1/c
Lapelas 100 mm
- **Páxinas:**
176 páxinas en papel offset branco natural de 140 grs
- **Imaxes:**
123 ilustracións orixinais
05 delas a toda páxina, incluída portada.
Ilustracións para o apartado de papiroflexia (esquemas a 1 tinta)

Orzamento lote 5:

Lote e título	Importe bruto	Ive 4%	TOTAL
Título 5.1	3.000,00 €	120,00 €	3.120,00 €
Título 5.2	2.000,00 €	80,00 €	2.080,00 €
Título 5.3	3.000,00 €	120,00 €	3.120,00 €
Título 5.4	2.500,00 €	100,00 €	2.600,00 €
